



Concello de Gondomar

ACTA DE CONSTITUCION DO XURADO CUALIFICADOR, APERTURA DE PROPOSICIÓNS PRESENTADAS, ADMISION DEFINITIVA DOS TRABALLOS, ESTUDO DAS PROPOSTAS E FALLO DO XURADO DO I CONCURSO DE ESCULTURA MONUMENTO EN PEDRA DO CONCELLO DE GONDOMAR.

En Gondomar, sendo as 12,00 horas do día dezaseis de marzo do ano dous mil vinte e dous, reúnen-se no Concello os membros do xurado que de seguido se relacionan:

D. José Antonio Álvarez Álvarez, arquitecto municipal, en calidade de Presidente.

D. Juan Carlos Roman Redondo, profesor de *Arte y Contemporaneidad*, da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, en representación de dita entidade.

D. Manuel Portolés Sanjuán, arquitecto, en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

D. Silverio Rivas, escultor de recoñecida e prestixiosa traxectoria profesional.

D. Eduardo Berea Cruz, arquitecto e docente, en representación do gremio de ensinantes de artes plásticas.

D. Antonio Soliño Troncoso, arquitecto, en representación do Instituto de Estudos Miñoráns

D. Manuel Coia Piñeiro, profesor da Escola de Canteiros de Poio, en representación da Deputación Provincial

Secretario: D. Manuel Soliño Troncoso, funcionario municipal.

O xurado queda constituído no presente acto ao existir o quórum suficiente e contar coa presenza do Presidente e o Secretario.

A continuación os membros do xurado dispóñense a realizar unha análise exhaustiva de todo o material presentado co obxecto da admisión definitiva dos traballos se procedese.

Xa na praza da Paradela, estúdanse as propostas para a posible aceptación a concurso das esculturas:

- "Mojón"
- "Identidade"
- "Pedra Moura"
- "Pedra Nai"
- "La Embajadora de Gondomar"
- "O Guerreiro do Galiñeiro"

Como conclusión, quedan admitidos todos os traballos rexistrados. Ademais, sen abrilos, compróbase que os candidatos presentaron debidamente

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

Juan Francisco Fariña González (1 para 2)
Alcalde Presidente de Gondomar
Data de Sinatura: 15/03/2022
HASH: 6c66c8899506a9b4b4c5d5b81847580



Manuel Soliño Troncoso (2 para 2)
Xefe de Negociado Secretaría
Data de Sinatura: 16/06/2022
HASH: 3c120257cbb0a9e72699ae24012762cf



Cod. Validación: 4AG6AQT6CK9GT5ADL5QLJCMETT | Corrección: https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Gondomar

cuberto o sobre que se recolle no punto 2 das bases coa lenda CONCURSO MONUMENTO EN PEDRA CONCELLO DE GONDOMAR, custodiados polo secretario. Durante todo o acto queda garantido o cumprimento de anonimato esixido nas bases do concurso, aprobadas por acorda da Xunta de Goberno Local con data 4 de outubro de 2019.

De seguido procédese ao estudo e valoración das propostas admitidas. Os membros do xurado deliberan sobre os traballos e quitan conclusións. Finalmente, o xurado acorda por unanimidade declarar deserta a convocatoria do I Concurso Monumento en Pedra do Concello de Gondomar por entender que as obras presentadas non reúnen os valores perseguidos. Non obstante, co obxecto de recoñecer e paliar o esforzo económico que un traballo deste tipo significa para calquera autor ou autora, decide facer uso das cantidades asignadas nas bases para o segundo e o terceiro premio. Para tal fin o xurado ten en consideración, e somete a criterio, o voto popular asignando un accésit de 2.000 euros á peza "Pedra Moura" e outro de 1.000 euros á peza "O Guerreiro do Galiñeiro".

Tamén acorda non elixir lugar de emprazamento para ditas obras por considerar que deben ser retiradas aos respectivos obradoiros polos seus autores/as.

Por último, o xurado aproveita a oportunidade que significa esta acta para propoñer ao Concello de Gondomar como entidade promotora e organizadora a substitución da convocatoria do concurso de peza rematada por outra de proxectos escultóricos desenvolvidos para un lugar concreto da vila ou municipio previamente determinado na citada convocatoria. Esta formulación provocaría unha reflexión sobre o lugar designado cuxas conclusións e resultado sería a proposta artística dos participantes que, deste xeito, por razóns prácticas e económicas, poderían concorrer dende calquera parte do planeta, coas innegables vantaxes que isto suporía para o concurso e, consecuentemente, para o Concello. O fallo do xurado determinaría a idea gañadora, que posteriormente debería ser executada. Este novo armazón do concurso requiriría a redacción dunhas bases axeitadas ao caso, circunstancia na que o xurado en pleno está disposto a involucrarse.

E non habendo mais asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión polo Presidente, sendo as 14,30 horas do día expresado no inicio, levantándose acta do tratado, de todo o cal como Secretario dou fe.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875



Cod. Validación: 4AG6AQ76CK9GT5ADL5QJCMETT | Corrección: <https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2